

ou reembolsar as súas participacións ou accións por pedimento de calquera partícipe ou accionista.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 97 (Código xeral de conduta), nos seguintes termos:

«Artigo 97. *Aplicación do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

1. Será aplicable ás persoas e entidades enumeradas no artigo anterior o título IV (normas de conduta aplicables aos que presten servizos de investimento) do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

2. Para efectos do disposto no número anterior, habilitase o ministro de Economía e Facenda para, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, desenvolver e adaptar o establecido no citado real decreto no necesario ás especificidades propias da actividade no ámbito do investimento colectivo.»

Tres. O número 2 do artigo 98 (Regulamento interno de conduta) queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os regulamentos internos de conduta deberán estar inspirados nos principios citados nas normas a que se refire o artigo 65 da lei e no título IV (normas de conduta aplicables aos que presten servizos de investimento) do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Catro. Engádesse un artigo 98 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 98 bis. *Asignación de operacións.*

Os procedementos de control interno das entidades a que se refire o artigo anterior deberán permitir acreditar que as decisións de investimento a favor dunha determinada institución de investimento colectivo, ou cliente, se adoptan con carácter previo á transmisión da orde ao intermediario. Así mesmo, debe dispor de criterios, obxectivos e preestablecidos, para a distribución ou desagregación de operacións que afecten varias institucións de investimento colectivo, ou clientes, que garantan a equidade e non-discriminación entre eles.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2006/73/CE da Comisión pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de investimento e termos definidos para efectos da devandita directiva, e tamén se traspoñen os artigos 3 e 4.1 da Directiva 2007/16/CE da Comisión, do 19 de marzo de 2007, que establece disposicións de aplicación da Directiva 85/611/CEE do Consello, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios no que se refire á aclaración de determinadas definicións.

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

2935 *REAL DECRETO 35/2008, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. («BOE» 42, do 18-2-2008.)*

O Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas vixente foi aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. Desde que entrou en vigor, a súa aplicación e a experiencia adquirida puxeron de manifesto a existencia dunha serie de aspectos mellorables e de deficiencias que aconsellan a súa revisión. Así mesmo, as leis que constitúen o seu marco de referencia, é dicir, a Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, e a Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, foron modificadas mediante a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, e a Lei 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril.

A liberalización do mercado eléctrico puxo de manifesto a necesidade de ter en conta a súa posible incidencia sobre a seguranza das instalacións nucleares relacionadas coa xeración eléctrica, polo que se incluíu entre as responsabilidades do titular a de velar de forma continua por incorporar as novas técnicas que permitan levar a cabo a xestión baixo os referentes de seguranza máis actualizados.

Así mesmo, establécense mecanismos de coordinación coas administracións competentes para autorizar instalacións e actividades que polas súas características e situación poidan supoñer un impacto sobre unha instalación nuclear ou radioactiva de primeira categoría.

Previuse a exigencia do establecemento, por parte do titular, dun procedemento para que o persoal da instalación, e tamén o das empresas contratadas e o das externas que prestan os seus servizos nela, cumpra co deber de pór en coñecemento dos titulares calquera feito coñecido que afecte ou poida afectar o funcionamento seguro delas e o cumprimento da normativa vixente en materia de seguranza nuclear ou protección radiolóxica.

No que ao réxime de autorizacións se refire, desenvólvese o disposto no artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, segundo o cal deben ser oídas as comunidades autónomas con competencia en materia de ordenación do territorio e ambiente.

Atendendo á importancia crecente que cobraron os aspectos relacionados coa protección física das instalacións e materiais nucleares, incorpórase a exigencia da inclusión dun plan de protección física entre a documentación exigible para a autorización das instalacións.

Axilízase o procedemento de outorgamento de autorizacións de instalacións radioactivas, ao regular con maior detalle o réxime de concesión de autorizacións de desmantelamento e clausura de instalacións nucleares.

En relación coa función inspectora, ampliáanse as posibilidades de actuación noutros ámbitos que contén con equipos ou materiais que o exixan e dásele cobertura á actuación en situacións excepcionais sobre instalacións non sometidas ao réxime de concesión de autorizacións do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

Polo que se refire ao réxime de licenzas de operador e supervisor, amplíase a súa regulación, en especial no caso das licenzas relativas a instalacións nucleares e do ciclo de combustible nuclear, tanto en operación coma cando se leve a cabo o seu desmantelamento, e tamén as condicións de renovación e termo da súa vixencia.

Como aspecto novo, regúlase o control de áreas contaminadas, co que se pretende dar solución ao control de terreos ou recursos hidrolóxicos que, non pertencendo a instalacións reguladas polo Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, se visen afectados por contaminación radiolóxica.

Por último, como outro dos aspectos que hai que destacar desta modificación, cabe facer referencia á regulación da certificación e validación de novos deseños ou modelos polo Consello de Seguranza Nuclear.

A elaboración deste real decreto iniciouse por proposta do Consello de Seguranza Nuclear, de acordo co previsto no artigo 2.a) da súa Lei de creación, Lei 15/1980, do 22 de abril, ao dar audiencia aos axentes económicos sectoriais e sociais interesados, ademais de consultalo coas comunidades autónomas.

O real decreto que se aproba ten o seu fundamento legal na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, particularmente nos seus artigos 28, 36, 37 e 94, e tamén no artigo 13 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, na redacción dada no punto 9 do artigo único da Lei 33/2007, do 7 de novembro, que a reforma.

Por último, o contido de disposición foi comunicado á Comisión da Unión Europea, de acordo co establecido no artigo 33 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2008,

DISPÓN O :

Artigo primeiro. *Modificación do título I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Autoridades competentes.*

1. A aplicación dos preceptos deste regulamento corresponde ao Ministerio de Industria,

Turismo e Comercio, e ao Consello de Seguranza Nuclear, sen prexuízo das competencias doutros departamentos e das comunidades autónomas.

2. As funcións executivas que neste regulamento corresponden ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en relación coas instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría, entenderanse atribuídas ás comunidades autónomas cando estas teñan transferidas as devanditas funcións.

3. As autorizacións de funcionamento referidas a instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría terán validez para todo o territorio español. Sen prexuízo do anterior, o titular que vaia realizar calquera das actividades para as que dispón de autorización, nunha parte concreta do territorio, deberao notificar, de forma que faga fe, á Administración territorial competente, e poderá iniciar a súa actividade a partir da notificación, á que lle deberá xuntar unha copia compulsada da autorización.

Entenderase que non hai oposición ao anterior se a Administración competente no devandito territorio non manifestou esta oposición mediante resolución motivada, no prazo de tres meses, contados a partir da data de notificación.»

Dous. Engádesse un novo artigo 3 bis, coa redacción seguinte:

«Artigo 3 bis. *Deber de informar.*

1. As administracións competentes para a concesión dunha autorización ou modificación significativa dunha instalación ou actividade que, polas súas características ou situación, puideren supoñer un impacto sobre unha instalación nuclear ou radioactiva de primeira categoría, con carácter previo á emisión desta autorización ou modificación, darán traslado ao Consello de Seguranza Nuclear do informe de seguranza ou información suficiente sobre a cuestión, co fin de que este organismo público emita un informe preceptivo, que será vinculante nos termos que establece a Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear.

Se da avaliación desta información por parte do Consello de Seguranza Nuclear, este organismo conclúe que non se pode descartar un incremento do risco da instalación nuclear ou radioactiva, como resultado da nova instalación ou actividade, ou a modificación da instalación ou actividade xa existente, poderanse derivar medidas para implantar tanto na instalación nuclear ou radioactiva coma na instalación ou actividade non nuclear.

2. No caso de que non se produza a comunicación prevista no número anterior, o Consello de Seguranza Nuclear poderase dirixir, de oficio, aos órganos da Administración competente e recoller a información necesaria para a elaboración do informe.

Os órganos referidos, en colaboración co Consello de Seguranza Nuclear, establecerán protocolos de comunicación que aseguren que os establecementos así determinados e as instalacións nucleares e radioactivas consideradas de primeira categoría intercambien de maneira adecuada os datos necesarios, para posibilitar que os titulares tomen en consideración o carácter e a magnitude do risco xeral de accidente grave nas súas políticas de prevención de accidentes graves, sistemas de xestión da seguranza, informes de seguranza e plans de emerxencia interior.»

Tres. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes para obter as autorizacións que concede o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio deberanse dirixir a este, reunindo os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán acompañadas da documentación que se establece en cada caso.

De o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio apreciar que a documentación presentada é incompleta ou o seu contido insuficiente, requiriralle ao interesado que a complete, aclare ou amplíe, no prazo de dez días.

2. Este Ministerio remitirá unha copia de toda a documentación ao Consello de Seguranza Nuclear, para o seu informe preceptivo.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, remitirá, de ser o caso, unha copia de toda a documentación ás comunidades autónomas con competencias en materia de ordenación do territorio e ambiente no territorio onde se sitúe a instalación ou a zona de planificación prevista na normativa básica sobre planificación de emerxencias nucleares e radiolóxicas, para os efectos de que formulen alegacións no prazo dun mes, conforme o establecido no artigo 12.3 deste regulamento.»

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Concesión de autorizacións.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cando reciba o informe do Consello de Seguranza Nuclear, e logo dos ditames e informes que correspondan, adoptará a resolución oportuna. O prazo máximo en que se notificará esta resolución será de seis meses, agás que sexa de aplicación a suspensión a que se refire o número 2 do artigo precedente; neste caso o prazo máximo referido resultaría ampliado co período de suspensión.

Nas autorizacións que se concedan farase constar:

- a) Titular da autorización.
- b) Localización da instalación.
- c) Actividades que a autorización concedida faculta a realizar.
- d) Prazo de validez e condicións para a súa renovación, cando corresponda.
- e) Finalidade da instalación e, de ser o caso, características básicas desta.
- f) Cando sexa aplicable, substancias nucleares e outros materiais e equipos produtores de radiacións ionizantes cuxa posesión ou uso se autoriza.
- g) Documentos oficiais ao abeiro dos cales se concede a correspondente autorización e trámite necesario para a súa revisión.
- h) Requisitos en canto a licenzas de persoal para o funcionamento da instalación.
- i) Garantías que o titular debe concertar respecto á responsabilidade civil por danos nucleares a terceiros.
- j) Límites e condicións en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica.
- k) Outras condicións que puideren convir para o caso.»

Cinco. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Responsabilidade do titular.*

1. O titular de cada autorización será responsable do funcionamento da instalación ou actividade en condicións de seguranza e sempre dentro do

establecido nos documentos oficiais ao abeiro dos cales se concede a correspondente autorización. A el correspóndelle aplicar e manter actualizada esta documentación, informar o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Consello de Seguranza Nuclear de cantas cuestións poidan afectar as condicións da autorización ou a seguranza nuclear e protección radiolóxica e, en xeral, cumprir as regulamentos vixentes. Así mesmo, recae no titular a responsabilidade da instalación nas situacións de emerxencia que se poidan producir.

O titular deberá garantir que todas as persoas físicas ou xurídicas que interveñan como contratistas ou subcontratistas cumpran igualmente os requisitos do parágrafo anterior, naqueles supostos que lles correspondan.

2. En materia de salvagardas e protección física dos materiais nucleares, o titular queda obrigado a realizar as actividades de seguimento, control e custodia dos materiais, a permitir as inspeccións e comprobacións que foren precisas, cando estas deriven dos compromisos contraídos polo Estado español ou do propio ordenamento interno, e a informar as autoridades de calquera feito relevante, de conformidade coas normas específicas nesta materia.

3. O titular deberá velar de maneira continua pola mellora das condicións de seguranza nuclear e protección radiolóxica da súa instalación. Para isto, deberá analizar as mellores técnicas e prácticas existentes, de acordo cos requisitos que estableza o Consello de Seguranza Nuclear, e implantar as que resulten idóneas a xuízo deste organismo.

O Consello de Seguranza Nuclear poderá requirir en calquera momento a análise do titular para a implantación das melloras na seguranza nuclear e a protección radiolóxica.»

Seis. Engádese un novo artigo 8 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 8 bis. *Comunicación de deficiencias.*

De acordo co previsto no artigo 13 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, para os efectos do deber das persoas ao servizo das instalacións nucleares e radioactivas de poñer en coñecemento dos titulares calquera feito que poida afectar o funcionamento seguro destas ou a protección radiolóxica:

a) O titular establecerá un procedemento para garantir que todo o persoal da organización da instalación, ademais do das empresas contratadas e o das externas que prestan os seus servizos nela, comunique ao titular aquelas deficiencias ou disfuncións que, a xuízo do comunicante, puideren afectar a seguranza nuclear ou a protección radiolóxica, todo isto sen prexuízo dos dereitos xerais do cidadán establecidos nas leis correspondentes.

Este procedemento será adicional ás canles habituais de comunicación e poderá ser utilizado á elección do comunicante. Así mesmo, o comunicante deberá recorrer a este procedemento se, tras comunicar algunha deficiencia polas canles habituais de comunicación, chegase á conclusión de que a súa denuncia ou reclamación non foi suficientemente atendida.

No procedemento deberanse atender todas as comunicacións, tanto se proveñen de comunicantes identificados coma de anónimos, e estas comunicacións deberanse incluír nun rexistro numerado e datado cunha copia das comunicacións recibidas e a referencia das informacións facilitadas en resposta a estas e das dilixencias de verificación ou as medidas adoptadas na súa virtude. As instalacións

radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais, segundo se definen no título III deste regulamento, poderán optar por rexistrar as comunicacións e as respostas e dilixencias de verificación ou medidas adoptadas no diario de operación a que se fai referencia no título VI deste regulamento.

O comunicante, se se identificou, deberá recibir unha resposta por escrito en menos de 7 días hábiles por parte do titular da instalación, coa información sobre as medidas adoptadas ou as previstas.

Transcorrido este prazo sen que o titular remita unha resposta escrita ao comunicante, este deberá transmitir ao Consello de Seguranza Nuclear a información de que se trate.

O procedemento garantizará a existencia dun trámite abreviado para aqueles supostos en que o comunicante aprecie razóns de urxencia, para o cal se establecerá a obriga do titular de contestar ao comunicante de forma inmediata, e este pode transmitir, se o considera oportuno, a información ao Consello de Seguranza Nuclear no momento en que advirta a deficiencia ou disfunción apreciada.

Sen prexuízo do anterior, nesta materia será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O exercicio deste dereito non poderá supoñer efectos adversos para o traballador no seu posto de traballo, salvo nos supostos en que se acredite mala fe na súa actuación.

Entenderanse nulas e sen efecto as decisións do titular tomadas en detrimento ou prexuízo dos dereitos laborais dos traballadores que exercesen o dereito previsto neste artigo.»

Artigo segundo. *Modificación do título II do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título II do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Definicións.*

Son instalacións nucleares:

a) As centrais nucleares: calquera instalación fixa para a produción de enerxía mediante un reactor nuclear.

b) Os reactores nucleares: calquera estrutura que conteña combustibles nucleares dispostos de tal xeito que dentro dela poida ter lugar un proceso automantido de fisión nuclear sen necesidade dunha fonte adicional de neutróns.

c) As fábricas que utilicen combustibles nucleares para producir substancias nucleares e as fábricas en que se proceda ao tratamento de substancias nucleares, incluídas as instalacións de tratamento ou reciclaxe de combustibles nucleares irradiados.

d) As instalacións de almacenamento de substancias nucleares, excepto os lugares en que estas substancias se almacenen incidentalmente durante o seu transporte.

e) Os dispositivos e instalacións que utilicen reaccións nucleares de fusión ou fisión para producir enerxía ou con vistas á produción ou desenvolvemento de novas fontes enerxéticas.»

Dous. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Autorizacións requiridas.*

1. As instalacións nucleares requirirán, segundo os casos, as autorizacións seguintes:

a) Autorización previa ou de localización: é un recoñecemento oficial do obxectivo proposto e da idoneidade da localización elixida, cuxa obtención faculta o titular para solicitar a autorización de construción da instalación e iniciar as obras da infraestructura preliminares que se autoricen.

b) Autorización de construción: faculta o titular para iniciar a construción da instalación e para solicitar a autorización de explotación.

c) Autorización de explotación: faculta o titular a cargar o combustible nuclear ou a introducir substancias nucleares na instalación, a realizar o programa de probas nucleares e a operar a instalación dentro das condicións establecidas na autorización. Concederase en primeiro lugar con carácter provisional ata a finalización satisfactoria das probas nucleares.

Así mesmo, esta autorización faculta o titular, cando cese a explotación para a que foi concibida a instalación, para realizar as operacións que lle imponha a Administración previas á obtención da autorización de desmantelamento.

d) Autorización de modificación: faculta o titular a introducir modificacións no deseño da instalación ou nas súas condicións de explotación, nos casos en que se alteren os criterios, normas e condicións en que se basea a autorización de explotación.

e) Autorización de execución e montaxe da modificación: faculta o titular a iniciar a realización, execución e montaxe daquelas modificacións que, polo seu grande alcance ou porque implique obras e montaxes significativas, se considera necesario autorizar expresamente, a xuízo da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou do Consello de Seguranza Nuclear.

f) Autorización de desmantelamento: cando se extinga a autorización de explotación, faculta o titular para iniciar as actividades de descontaminación, desmontaxe de equipos, demolición de estruturas e retirada de materiais, para permitir, en último termo, a liberación total ou restrinxida do lugar da instalación. O proceso de desmantelamento terminará nunha declaración de clausura, que liberará o titular dunha instalación da súa responsabilidade como explotador dela e definirá, no caso da liberación restrinxida do lugar da instalación, as limitacións de uso que sexan aplicables e o responsable de as manter e vixiar o seu cumprimento.

Adicionalmente, deberá ser autorizado:

g) O almacenamento temporal de substancias nucleares nunha instalación en fase de construción que non dispoña de autorización de explotación.

h) O cambio de titularidade das instalacións nucleares. O novo titular deberá acreditar capacidade legal, técnica e económico-financeira suficiente para a realización das actividades obxecto da autorización.

As autorizacións previstas nas alíneas anteriores concederanse logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear segundo o previsto neste regulamento.

2. As instalacións nucleares a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11 deste regulamento, excepto as instalacións de almacenamento definitivo de residuos radioactivos, poderán solicitar simultaneamente a autorización previa e a de construción.

3. Con carácter previo á concesión das autorizacións recollidas no número 1 deste artigo, excepto as referidas nas alíneas e) e g) do dito número, darase traslado da documentación correspondente á comunidade autónoma, polo prazo dun mes, para alegacións, de acordo co disposto no artigo 4.2 deste regulamento.

4. Correspóndelle ao ministro de Industria, Turismo e Comercio a concesión das autorizacións recollidas no número 1 deste artigo, excepto as referidas nas alíneas d), e) e g), que corresponden ao director xeral de Política Enerxética e Minas.»

Tres. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13. *Comité de información.*

1. Durante a construción, explotación e desmantelamento das centrais nucleares, funcionará un comité de información, que terá o carácter dos órganos colexiados previstos no artigo 40.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Este comité, cuxos membros serán nomeados polo director xeral de Política Enerxética e Minas, estará integrado por un representante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, do titular da instalación, do Consello de Seguraza Nuclear, das delegacións do Goberno e das comunidades autónomas onde estea situada a instalación, da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e dos concellos incluídos na zona 1 definida nos correspondentes plans de emerxencia exteriores ás centrais nucleares.

Presidiráo o representante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e exercerá a vicepresidencia o alcalde do concello onde estea situada a instalación. Actuará como secretario do comité un funcionario do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, nomeado, igualmente, polo director xeral de Política Enerxética e Minas.

Así mesmo, poderán formar parte del outros representantes designados polo director xeral de Política Enerxética e Minas, xa sexa por iniciativa propia ou por proposta do comité.

3. Serán funcións deste comité informar as distintas entidades representadas sobre o desenvolvemento das actividades reguladas nas correspondentes autorizacións e tratar conxuntamente aquelas outras cuestións que resulten de interese para as devanditas entidades.»

Catro. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Solicitud.*

A solicitude da autorización de explotación deberá ir acompañada dos seguintes documentos, que actualizarán, de ser o caso, o contido dos presentados ao solicitar a autorización de construción:

a) Estudo de seguraza. Conterá a información necesaria para realizar unha análise da instalación desde o punto de vista da seguraza nuclear e a protección radiolóxica, ademais dunha análise e avaliación de riscos derivados do funcionamento da instalación, tanto en réxime normal coma en condicións de accidente. Ademais conterá descrições detalladas das funcións de seguraza, de todos os sistemas de seguraza e das estruturas, sistemas e compoñentes relacionados coa seguraza, das súas bases de deseño e do seu funcionamento en todos os estados operativos, incluídas a parada e as condicións de accidente. Tamén identificará os regulamentos, códigos e normas aplicables á instalación.

En particular, os documentos deberanse referir aos seguintes temas:

1.º Datos complementarios obtidos durante a construción sobre a localización e as súas características.

2.º Descrición da instalación tal e como foi construída, e dos procesos que van ter lugar nela. Inclúese a descrición da instrumentación nuclear e non nuclear, dos sistemas de control e protección, dos edificios ou estruturas de contención, dos sistemas auxiliares, dos sistemas de recollida e eliminación dos residuos radioactivos, e de calquera outro sistema ou compoñente que sexa significativo para a seguraza da instalación.

3.º Análise dos accidentes previsibles derivados do mal funcionamento de elementos e aparellos, de erros de operación, ou de axentes externos á instalación e as súas consecuencias.

4.º Estudo analítico-radiolóxico da instalación.

5.º Programa de vixilancia radiolóxica ambiental operacional, co obxecto de avaliar o impacto derivado do funcionamento desta.

b) Regulamento de funcionamento. Este documento conterá a información seguinte:

1.º Relación de postos de traballo con responsabilidade nuclear, desde o director ou xefe de operación aos supervisores, operadores, encargados da vixilancia radiolóxica e executantes das probas nucleares.

2.º Organización. Especificará a organización e funcións do persoal adscrito á instalación tanto en condicións normais coma de emerxencia. Describirá así mesmo a xestión de seguraza implantada. Defínense os programas básicos de formación e adestramento para o persoal con e sen licenza e establecerase a competencia técnica para cada misión específica, ademais dos programas de readiestramento que se consideren axeitados.

3.º Normas de operación en réxime normal e en condicións de accidente. Estas normas e os procedementos que as desenvolven deben referirse ao conxunto da instalación e aos diversos sistemas que a compoñen.

c) Especificacións técnicas de funcionamento. Conterán os valores límites das variables que afecten a seguraza, os límites de actuación dos sistemas de protección automática, as condicións mínimas de funcionamento, o programa de revisións, calibración e inspeccións periódicas dos sistemas e compoñentes, e o control operativo.

d) Plan de emerxencia interior. Detallará as medidas previstas polo titular e a asignación de responsabilidades para facerlles fronte ás condicións de accidente, co obxecto de mitigar as súas consecuencias, protexer o persoal da instalación e notificar a súa ocorrencia de forma inmediata aos órganos competentes, incluída a avaliación inicial das circunstancias e das consecuencias da situación. Ademais, establecerá as actuacións previstas polo titular para prestar a súa axuda nas intervencións de protección no exterior da instalación, de acordo cos plans de emerxencia exterior que establezan os órganos competentes, cando así o determine o Consello de Seguraza Nuclear.

e) Programa de probas nucleares. Describirá tales probas, o seu obxecto, as técnicas específicas e os resultados previstos. Para cada proba deberase indicar o procedemento que se vaia seguir, os datos que haxa que recoller na súa realización e os valores máximos e mínimos previstos para as variables de interese durante a execución das probas. Inclúirá

tamén os criterios de seguranza aplicables para a realización destas probas.

f) Manual de garantía de calidade. Establecerá o alcance e contido do programa de calidade aplicable ás probas e explotación de sistemas, estruturas e compoñentes relacionados coa seguranza, e tamén ao deseño, fabricación, construción, probas e explotación das modificacións daqueles.

g) Manual de protección radiolóxica. Este documento deberá incluír as normas de protección radiolóxica da instalación.

h) Plan de xestión de residuos radioactivos e do combustible gastado, que incorpore, de ser o caso, os contratos establecidos con empresas xestoras e inclúa, entre outros conceptos, un sistema para a posible desclasificación dos materiais residuais con contido radioactivo.

i) Estudo económico final, que analizará o cumprimento das previsións económicas e financeiras, e expresará o importe total e efectivo da instalación.

j) Previsións de desmantelamento e clausura. Describirá, entre outras, as relativas á xestión final dos residuos radioactivos que se xeren e o estudo do custo e as previsións económicas e financeiras para garantir a clausura.

k) Plan de protección física. Describirá as medidas organizativas, os equipamentos, sistemas e compoñentes, cuxo obxectivo é alcanzar un nivel de seguranza física aceptable. Terá un tratamento confidencial.»

Cinco. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Solicitud.*

1. A solicitude de autorización de desmantelamento irá acompañada da documentación indicada nas alíneas b), c), d), f), g), h) e k) do artigo 20, e adaptarase o contido desta á situación de desmantelamento da instalación.

En calquera caso, deberase cumprir o disposto na lexislación ambiental aplicable.

Adicionalmente irá acompañada dos documentos seguintes:

a) Estudo de seguranza, que conterá:

1.º Estudo descritivo do estado actual da instalación, da localización e a súa zona de influencia, que conteña a caracterización radiolóxica da instalación e da súa localización antes do desmantelamento.

2.º Proxecto xeral de desmantelamento, que conteña o alcance de cada fase do proxecto de desmantelamento proposto, de haber varias, e mais a descrición do estado previsto da instalación durante e despois do seu desenvolvemento. Deberanse especificar, para a fase para a que se solicita a autorización, as actividades e obras significativas que poidan supoñer alteracións das condicións de seguranza nuclear ou protección radiolóxica.

3.º Análise de seguranza do proxecto de desmantelamento, que conterá a normativa e os criterios radiolóxicos e de seguranza aplicables, ademais dunha análise de accidentes, para identificar os riscos previstos e as medidas de prevención correspondentes.

4.º Estudo do impacto radiolóxico ambiental durante a execución do programa de desmantelamento e cando finalice este. Conterá ademais un plan de vixilancia radiolóxica ambiental aplicable durante a execución do programa de desmantelamento.

b) Plan de control de materiais desclasificables, que incluírá a descrición dos procesos e equipamen-

tos utilizados para a verificación do cumprimento dos criterios radiolóxicos para a desclasificación dos materiais residuais xerados.

c) Plan de restauración da localización, que incluírá a proposta e xustificación da metodoloxía para a caracterización radiolóxica final da localización, co obxectivo de demostrar o cumprimento dos criterios radiolóxicos establecidos para a liberación total, parcial ou con restricións de uso do lugar de instalación, e proporanse os medios para que se establezan e manteñan os controis legais institucionais que garantan o cumprimento dos criterios radiolóxicos.

d) Estudo económico do proceso de desmantelamento, investimentos financeiros e custos previstos para realizar as operacións de desmantelamento ata a clausura.

2. O Consello de Seguranza Nuclear definirá o alcance, contido ou desenvolvemento da documentación enumerada a través de instrucións ou guías de carácter técnico ou de requirimentos específicos.»

Seis. O artigo 33 queda redactado como segue:

«Artigo 33. *Declaración de clausura.*

1. Ao finalizar as actividades de desmantelamento, cando se verificase o cumprimento das previsións do plan de restauración do lugar da instalación, e tamén as demais condicións técnicas establecidas no programa de desmantelamento, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio emitirá a declaración de clausura, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear.

O citado ministerio, con carácter previo á declaración de clausura, dará traslado, para os efectos de formular alegacións no prazo dun mes, ás comunidades autónomas correspondentes con competencias en materia de ordenación do territorio e ambiente onde se sitúe a instalación, de conformidade co artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.

2. Naqueles casos en que sexa necesario, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, poderá acordar o establecemento de restricións de uso sobre os terreos en que se asentaba a instalación nuclear clausurada, e inventariáanse estes terreos de acordo co artigo 81.»

Artigo terceiro. *Modificación do título III do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título III do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O artigo 34 queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Definicións.*

1. Enténdese por instalacións radioactivas:

a) As instalacións de calquera clase que conteñan unha fonte de radiación ionizante.

b) Os aparellos produtores de radiacións ionizantes que funcionen a unha diferenza de potencial superior a 5 quilovoltios.

c) Os locais, laboratorios, fábricas e instalacións onde se produzan, utilícen, posúan, traten, manipulen ou almacenen materiais radioactivos, excepto o almacenamento incidental durante o seu transporte.

2. As instalacións radioactivas clasifícanse en tres categorías.

a) Instalacións radioactivas de primeira categoría son:

1.º As fábricas de produción de uranio, torio e os seus compostos.

2.º As fábricas de produción de elementos combustibles de uranio natural.

3.º As instalacións que utilicen fontes radioactivas con fins de irradiación industrial.

4.º As instalacións complexas en que se manexan inventarios moi elevados de substancias radioactivas ou se produzan feixes de radiación de moi elevada fluencia de enerxía, de xeito que o potencial impacto radiolóxico da instalación sexa significativo.

Para os efectos deste regulamento, denomínanse instalacións radioactivas do ciclo do combustible nuclear as instalacións definidas nos puntos 1.º e 2.º

b) Instalacións radioactivas de segunda categoría son, sempre que non proceda a súa clasificación como de primeira categoría:

1.º As instalacións onde se manipulen ou almacenen nucleidos radioactivos que poidan utilizarse con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais, cuxa actividade total sexa igual ou superior a mil veces os valores de exención que se establecen na Instrución IS-05 do Consello de Seguranza Nuclear.

2.º As instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X que poidan funcionar cunha tensión de pico superior a 200 quilovoltios.

3.º Os aceleradores de partículas e as instalacións onde se almacenen fontes de neutróns.

c) Instalacións radioactivas de terceira categoría son:

1.º As instalacións onde se manipulan ou almacenen nucleidos radioactivos cuxa actividade total sexa superior aos valores de exención establecidos na Instrución IS-05 do Consello de Seguranza Nuclear e inferior a mil veces estes.

2.º As instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X cuxa tensión de pico sexa inferior a 200 quilovoltios.»

Dous. O artigo 38 queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Solicitudes.*

1. As instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais solicitarán unha autorización de funcionamento. A solicitude irá acompañada, polo menos, da documentación seguinte:

a) Memoria descritiva da instalación. Describírase a localización e os detalles construtivos de pavimentos, paredes, ventilación e outros elementos análogos.

Xustificárase, de ser o caso, a elección dos radionucleidos ou fontes radioactivas que deban empregarse na instalación e os sistemas de xestión dos residuos radioactivos sólidos, líquidos e gasosos previstos para o funcionamento normal e en caso de accidente, incorporando contratos con empresas xestoras, reexportación e outras modalidades, como proceda en cada caso.

b) Estudo de seguranza. Consistirá nunha análise e avaliación dos riscos que poidan derivar do funcionamento en réxime normal da instalación ou por mor dalgún accidente. Inclúiranse datos sufi-

cientes para poder realizar con eles unha análise dos riscos da instalación, con independencia da presentada polo solicitante.

c) Verificación da instalación. Dentro do especificamente aplicable a cada caso, incluírase unha descrición das probas a que ten que someterse a instalación e, nos casos necesarios, o plan de mantemento previsto.

d) Regulamento de funcionamento. Presentarase os métodos de traballo e as regras de manipulación que garantan a operación segura da instalación. Describíranse tamén as medidas de protección radiolóxica aplicables.

Incluírase a relación prevista de persoal, a organización proxectada e a definición das responsabilidades que correspondan a cada posto de traballo, tanto en condicións normais de operación coma en caso de emerxencia.

e) Plan de emerxencia interior. Detallará as medidas previstas polo titular e a asignación de responsabilidades para facer fronte ás condicións de accidente co obxecto de mitigar as súas consecuencias, protexer o persoal da instalación e notificar a súa ocorrencia de forma inmediata aos órganos competentes, incluída a avaliación inicial das circunstancias e das consecuencias da situación. Ademais, establecerá as actuacións previstas polo titular para prestar a súa axuda nas intervencións de protección no exterior da instalación, de acordo cos plans de emerxencia exterior que establezan os órganos competentes, cando así o determine o Consello de Seguranza Nuclear.

f) Previsións para a clausura e cobertura económica prevista para garantir en condicións de seguranza.

g) Orzamento económico do investimento que se vaia realizar, que estará constituído polo valor total e efectivo da instalación radioactiva ou da modificación para a que se solicita autorización; considéranse incluídos todos aqueles compoñentes que pola súa natureza estean destinados ao funcionamento da instalación.

2. Nas instalacións de primeira categoría xuntarase ademais:

a) Información sobre a localización e os terreos circundantes dentro da descrición da localización.

b) Como parte do regulamento de funcionamento:

1.º Manual de garantía de calidade e organización prevista polo solicitante para garantir a calidade durante a construción e o funcionamento.

2.º Manual de protección radiolóxica coas normas e os procedementos de protección radiolóxica da instalación.

3.º Especificacións técnicas de funcionamento que conteñan os valores límites das variables que afecten a seguranza, os límites de actuación dos sistemas de protección automáticos e as condicións mínimas de funcionamento.

c) Plan de protección física, que describirá as medidas organizativas, compoñentes, equipamentos e sistemas, cuxo obxectivo é alcanzar un nivel de seguranza física aceptable. Terá un tratamento confidencial.»

Tres. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Outorgamento e efectos da autorización.*

1. Correspóndelle ao ministro de Industria, Turismo e Comercio a concesión das autorizacións de funcionamento, de cambios de titularidade e as

declaracións de clausura das instalacións radioactivas de primeira categoría reguladas neste capítulo. Nestas autorizacións darase traslado da documentación correspondente á comunidade autónoma, para que no prazo dun mes formule alegacións, de acordo co disposto no número 2 do artigo 4.

A concesión do resto de autorizacións de instalacións radioactivas reguladas neste capítulo correspóndelle ao director xeral de Política Enerxética e Minas.

2. A autorización de funcionamento da instalación radioactiva faculta o seu titular para proceder á montaxe e preparación das operacións que se vaian desempeñar, conforme o disposto na regulamentación vixente e nas condicións da autorización.

3. Cando a instalación estea en disposición de iniciar as operacións, o titular comunicará o feito ao Consello de Seguranza Nuclear co fin de que este poida realizar unha visita de inspección. Cando o Consello de Seguranza Nuclear considere que a instalación pode funcionar en condicións de seguranza, emitirá unha notificación para a posta en marcha, que remitirá ao titular e da que dará conta ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Se da inspección do Consello de Seguranza Nuclear se deducir que a instalación non reúne as garantías suficientes de seguranza nuclear ou protección radiolóxica e as anomalías non foren corrixidas polo titular da autorización no prazo que se sinale, este organismo informará do feito o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio co fin de que se adopten as medidas que procedan.

4. Ningunha instalación radioactiva regulada neste capítulo poderá iniciar o seu funcionamento antes da notificación para a posta en marcha, que facultará o titular para o inicio das operacións.»

Catro. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Cambios e modificacións.*

1. Requirirán autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, seguindo o mesmo trámite expresado nos artigos 38 e 39, os cambios e modificacións que afecten os aspectos seguintes:

- a) Titularidade da instalación.
- b) Localización da instalación.
- c) Actividades a que faculta a autorización concedida.
- d) Categoría da instalación.
- e) Incorporación de novos equipos aceleradores de partículas que xeren radiacións ionizantes ou modificación dos existentes.
- f) Incorporación de material radioactivo adicional, non autorizado previamente, con actividade total superior a 3,7 xigaberquerelios; para actividades inferiores aplicarase o disposto no número 2 deste artigo.
- g) Cambios nos equipamentos e cambios estruturais que requiran unha modificación substancial das condicións da autorización que poidan afectar de forma significativa a seguranza nuclear e a protección radiolóxica.

O Consello de Seguranza Nuclear establecerá os criterios para determinar cando a modificación require efectuar unha visita de inspección previa e a emisión de notificación para a posta en marcha.

2. Os cambios e modificacións que afecten outros aspectos do deseño ou das condicións de operación autorizadas da instalación requirirán unicamente a aceptación expresa do Consello de Seguranza Nuclear antes da súa implantación, e este

organismo informará o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. O resto de cambios e modificacións serán de libre implantación polos titulares, que informarán o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Consello de Seguranza Nuclear sobre estas, nos informes previstos no número 2 do artigo 73.

4. Ademais do anterior, en todos os casos o titular remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ao Consello de Seguranza Nuclear a revisión dos documentos que se citan no artigo 38 que resulten afectados pola modificación.»

Artigo cuarto. *Modificación do título IV do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título IV do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O artigo 44 queda redactado como segue:

«Artigo 44. *Obrigas do titular.*

1. O titular dunha instalación nuclear ou radioactiva estará obrigado a:

- a) Facilitar o acceso dos inspectores ás partes da instalación que consideren necesarias para o cumprimento do seu labor.
- b) Facilitar a colocación do equipamento e instrumentación que se requira para realizar as probas e comprobacións necesarias.
- c) Poñer á disposición dos inspectores a información, documentación e medios técnicos que sexan precisos para o cumprimento da súa misión.
- d) Permitirilles aos inspectores as tomas de mostras suficientes para realizar as análises e comprobacións pertinentes. Por petición do titular da autorización, deberase deixar no seu poder unha mostra testemuñal debidamente precintada e marcada.
- e) Facilitar o acceso dos inspectores aos centros de traballo dos subministradores de equipos e servizos relacionados coa seguranza da instalación e o desenvolvemento das súas actividades co alcance das alíneas b), c) e d) anteriores.

2. As obrigas descritas nas alíneas a), b), c) e d) do número 1 faranse extensivas ao responsable de calquera establecemento ou lugar onde se poidan atopar os equipamentos xeradores de radiacións ionizantes ou materiais radioactivos.»

Dous. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Actuacións en caso de risco.*

1. Nos supostos de perigo manifesto, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ademais do Consello de Seguranza Nuclear ou os seus inspectores acreditados, poderán exixir, no ámbito das súas respectivas competencias, o cesamento inmediato das obras, funcionamento ou operacións; informarán disto o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, dando conta das causas que motivaron tal acción.

2. Ante situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten e que poidan afectar a seguranza nuclear ou a protección radiolóxica, cando a xuízo do Consello de Seguranza Nuclear teñan a súa orixe en instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear e poidan afectar a seguranza nuclear ou a protección radiolóxica, serán de aplicación as disposicións deste capítulo.»

Artigo quinto. *Modificación do título V do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título V do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O artigo 47 queda redactado como segue:

«Artigo 47. *Licenzas.*

1. O persoal que dirixa a operación e o que opere os dispositivos de control e protección dunha instalación nuclear ou radioactiva do ciclo do combustible nuclear deberá estar provisto dunha licenza de supervisor e de operador, respectivamente, concedida polo Consello de Seguranza Nuclear.

En centrais nucleares enténdese por operación toda manobra que afecte a reactividade, o nivel de potencia do reactor ou a integridade das barreiras fronte á liberación de material radioactivo segundo se recolle nos procedementos de operación.

As alteracións do núcleo, incluídas a carga e descarga de combustible e a súa transferencia, só necesitarán a supervisión dunha persoa con licenza, que non terá asignada simultaneamente outras tarefas distintas á supervisión destas actividades. Para iso poderanse obter licenzas limitadas exclusivamente para este fin.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de dispoñer de licenzas aquelas persoas que, en presenza e baixo a dirección dun operador ou supervisor con licenza, realicen prácticas de adestramento, como parte dun programa de formación de operadores ou de supervisores.

3. No caso de instalacións en desmantelamento, o Consello de Seguranza Nuclear definirá as actividades de operación e supervisión de sistemas, e tamén de manipulación de materiais radioactivos que deban ser realizadas ou dirixidas por persoal con licenza. Ao longo do desenvolvemento de cada fase do desmantelamento poderase determinar, en función dos riscos remanentes, a necesidade de contar con persoal con licenza, ademais do tipo e número das licenzas necesarias.

4. No caso doutras instalacións nucleares, o Consello de Seguranza Nuclear definirá as actividades que deben ser realizadas polo persoal con licenza.

5. Adicionalmente, as instalacións nucleares e as radioactivas do ciclo de combustible nuclear disporán dun servizo de protección radiolóxica, do que será responsable unha persoa acreditada para o efecto cun diploma de xefe de servizo de protección radiolóxica expedido polo Consello de Seguranza Nuclear. Este requirimento aplicarase tanto na fase de explotación destas instalacións como durante o desenvolvemento das fases activas do seu desmantelamento. A necesidade dun servizo de protección radiolóxica nas fases inactivas do desmantelamento determinarase, caso por caso, o CSN, á vista das implicacións radiolóxicas dos traballos que se desenvolvan nas devanditas fases.»

Dous. O artigo 48 queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Características das licenzas.*

As licenzas de operador e de supervisor para estas instalacións serán persoais e intransferibles, terán un prazo de validez máximo de seis anos e serán específicas para a instalación de que se trate, sen que poidan empregarse noutra distinta, agás autorización expresa do Consello de Seguranza Nuclear.»

Tres. O artigo 50 queda redactado como segue:

«Artigo 50. *Trámite das solicitudes.*

A solicitude da licenza de operador ou supervisor e do diploma de xefe de servizo de protección radiolóxica deberase dirixir ao Consello de Seguranza Nuclear e nela farase constar o nome, apelidos, nacionalidade, documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, o número de identidade de estranxeiro, ou, no seu defecto, o número do seu pasaporte ou documento de viaxe, idade e domicilio do solicitante.

Coa solicitude achegarase a documentación seguinte:

a) Información sobre a formación académica e profesional do solicitante e sobre a súa experiencia.

b) Declaración do titular da instalación en que se fagan constar as misións que se lle van asignar ao solicitante e a súa apreciación favorable sobre a idoneidade necesaria para o desempeño delas.

c) Certificado médico de aptitude, expedido por un servizo de prevención de riscos laborais, unha vez analizados os requisitos de saúde física e estabilidade psíquica para realizar as actividades propias do posto de traballo con licenza e aquelas que implican un risco de exposición asociado ao posto de traballo.»

Catro. O artigo 52 queda redactado como segue:

«Artigo 52. *Renovación.*

As licenzas de operador e supervisor renovaranse por períodos máximos sucesivos de seis anos. Para iso, os interesados solicitarán tales renovacións con, polo menos, dous meses de antelación á data de caducidade que posúan, xuntando unha declaración do titular da instalación que acredite que:

a) Permaneceron exercendo efectivamente e coa debida competencia as misións específicas de cada licenza, e cumpriron as condicións de permanencia activa no posto que se establezan na normativa técnica aprobada polo Consello de Seguranza Nuclear.

b) Seguiron con aproveitamento o programa de adestramento continuado.

c) Seguen sendo cualificados aptos para o posto de traballo con licenza, por un servizo de prevención de riscos laborais, nos termos establecidos na alínea c) do artigo 50.»

Cinco. O artigo 53 queda suprimido.

Seis. O artigo 54 queda suprimido.

Sete. O artigo 55 queda redactado como segue:

«Artigo 55. *Licenzas.*

1. O persoal que manipule material ou equipamentos radioactivos e o que dirixa estas actividades nunha instalación regulada nesta sección deberá estar provisto dunha licenza específica concedida polo Consello de Seguranza Nuclear.

2. Existirán dúas clases de licenzas:

a) Licenza de operador, que capacita para a manipulación de materiais ou equipamentos produtores de radiacións ionizantes conforme os procedementos e instrucións preestablecidos.

b) Licenza de supervisor, que capacita para dirixir e planificar o funcionamento dunha instalación radioactiva e as actividades dos operadores.

3. As acreditacións de persoal para dirixir e operar instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico rexeranse polo disposto na normativa

que é especificamente aplicable a este tipo de instalacións.

4. As licenzas concedidas polo Consello de Seguranza Nuclear terán validez para os efectos de recoñecer a formación en seguranza e protección radiolóxica, sen prexuízo das titulacións e requisitos que sexan exixibles, en cada caso, na orde profesional e por razón das técnicas aplicadas.»

Oito. O artigo 56 queda redactado como segue:

«Artigo 56. *Características das licenzas.*

1. As licenzas de operador e supervisor para este tipo de instalacións terán un prazo mínimo de validez de cinco anos, serán persoais e intransferibles e específicas por campo de aplicación. O Consello de Seguranza Nuclear establecerá os campos de aplicación en que deben encadrarse as actividades do persoal con licenza, con base nos diversos tipos de instalación segundo a súa finalidade.

2. O Consello de Seguranza Nuclear manterá un rexistro en que se inscribirán as licenzas de operador e supervisor concedidas por campo de aplicación e a instalación a que se aplican. Para tal efecto, os titulares das licenzas deberán comunicar ao Consello de Seguranza Nuclear os datos das instalacións en que presten ou en que dispoñan dun contrato para prestar os seus servizos.»

Nove. O artigo 60 queda redactado como segue:

«Artigo 60. *Tramitación.*

1. A solicitude das licenzas e diplomas deberase dirixir ao Consello de Seguranza Nuclear e nela faranse constar o nome, os apelidos, a nacionalidade, o documento nacional de identidade ou número do pasaporte, a idade e o domicilio do solicitante.

2. Coa solicitude achegarase a documentación seguinte:

a) Información sobre a formación académica e profesional do solicitante e sobre a súa experiencia, de conformidade coas modalidades de acreditación previstas no artigo seguinte.

b) Certificado médico de aptitude, expedido por un servizo de prevención de riscos laborais, unha vez analizados os requisitos de saúde física e estabilidade psíquica para realizar as actividades propias do posto de traballo con licenza e aquelas que implican un risco de exposición asociado ao posto de traballo.»

Dez. Engádesse unha nova «Sección 3.^a Termo da vixencia e suspensión das licenzas e diplomas» no título V, capítulo I, integrada polos artigos 63, 63 bis e 63 ter, nos termos seguintes:

«SECCIÓN 3.^a TERMO DA VIXENCIA E SUSPENSIÓN
DAS LICENZAS E DIPLOMAS

Artigo 63. *Termo da vixencia.*

As licenzas e diplomas para todo tipo de instalacións nucleares e radioactivas deixarán de ter vixencia polas seguintes causas:

a) Por caducidade, se non foron debidamente renovadas.

b) Por revogación, logo de tramitación do oportuno expediente, nos casos seguintes, cando afecten a seguranza nuclear ou a protección radiolóxica:

1.º Por perda ou diminución substancial da saúde física ou estabilidade psíquica do titular, acreditada cos certificados médicos correspondentes.

2.º Por non someterse voluntariamente á realización das probas que se lle indiquen por parte do titular ou do Consello de Seguranza Nuclear para comprobar as súas condicións de aptitude.

3.º Por actuación ou omisión grave, voluntaria ou negligente, no desempeño das súas funcións.

4.º Por finalización da relación contractual, no caso de licenzas relativas ás instalacións nucleares e radioactivas do ciclo de combustible nuclear.

c) Pola clausura da instalación, no caso de licenzas relativas ás instalacións nucleares e radioactivas do ciclo de combustible nuclear.

d) Por renuncia do titular da licenza.

e) Por inhabilitación derivada do correspondente expediente sancionador.

f) Por calquera outra circunstancia en que, por razóns de seguranza, se considere necesario, logo de tramitación do correspondente expediente.

Artigo 63 bis. *Suspensión das licenzas e diploma.*

O Consello de Seguranza Nuclear poderá suspender as licenzas nos casos seguintes:

a) Por razóns de seguranza.

b) Por perda das cualificacións técnicas para o desempeño das súas funcións.

c) Como medida preventiva, cando se iniciase un expediente sancionador, se se vulga oportuno.

d) Por inactividade, cando non se desempeñe o posto de traballo para o que se faculta nas condicións e prazos que estableza o Consello de Seguranza Nuclear.

Artigo 63 ter. *Comunicacións necesarias.*

Toda alteración das condicións físicas ou psíquicas do titular dunha licenza de operador ou supervisor ou diploma que diminúa a capacidade e responsabilidade para o traballo deberá ser comunicada formalmente ao Consello de Seguranza Nuclear nun prazo non superior a quince días desde a data en que se detectou. Esta comunicación deberaa realizar, de ser posible, o propio interesado.»

Once. O artigo 65 queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Supervisores e operadores.*

1. O supervisor está obrigado a dirixir a operación cumprindo as especificacións técnicas de funcionamento, o regulamento de funcionamento, o plan de emerxencia interior e calquera outro documento ao abeiro do cal se concedese a correspondente autorización da instalación, no relativo á operación desta. Así mesmo, deberá seguir fielmente os procedementos de operación, dos que unha copia, posta ao día, deberá estar permanentemente nun lugar prefixado. Cando non exista un procedemento para realizar unha determinada operación de carácter imprevisto e que non admite demora, o supervisor procederá a redactalo antes da súa execución e incluírao no diario de operación. No caso de urxencia adoptará as medidas que coide oportunas e deixará constancia delas no diario.

2. O operador está obrigado a operar os dispositivos de control e protección, baixo a dirección do supervisor, seguindo fielmente os procedementos de operación, as especificacións técnicas de funcionamento, o regulamento de funcionamento e calquera outro documento oficial da instalación, no relativo á operación desta.»

Doce. O artigo 66 queda redactado como segue:

«Artigo 66. *Obrigas e facultades.*

1. O supervisor dunha instalación nuclear ou radioactiva ten a obriga de deter en calquera momento o seu funcionamento se considera que se reduciron as debidas condicións de seguranza da instalación.

2. O operador dunha instalación nuclear ou radioactiva está autorizado a proceder do mesmo xeito se, ademais de se daren as circunstancias indicadas anteriormente, lle é imposible informar o supervisor coa prontitude requirida.

3. Os supervisores e operadores están obrigados a poñer en coñecemento do titular da instalación os defectos que ao seu xuízo existan nos documentos oficiais da autorización ou nos procedementos de operación ou calquera outro que poida afectar a seguranza nuclear ou a protección radiolóxica, a través do procedemento previsto no artigo 8 bis.

4. O persoal con licenza deberá coñecer e autorizar os traballos que se realicen na instalación, sempre que afecten directamente a operación desta.»

Trece. O artigo 67 queda redactado como segue:

«Artigo 67. *Información aos traballadores.*

Toda persoa que traballe nunha instalación nuclear ou radioactiva deberá coñecer e cumprir as normas de protección contra as radiacións ionizantes e a súa actuación en caso de emerxencia. Adicionalmente, todo o persoal que realice tarefas relacionadas coa seguranza nuclear ou a protección radiolóxica deberá dispoñer da formación necesaria para desempeñar adecuadamente as súas funcións. Para tal fin, o titular da instalación debe definir claramente os coñecementos e especialización necesarios e establecer os programas de formación que se precisen, que estarán á disposición da inspección do Consello de Seguranza Nuclear.»

Artigo sexto. *Modificación do título VII do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

O título VII do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícase nos termos seguintes:

Un. O actual «Capítulo único. Autorización doutras actividades» pasa a constituir o seu «Capítulo I», coa mesma denominación actual e integrado polos artigos 74 a 80.

Dous. O artigo 74 queda redactado como segue:

«Artigo 74. *Materiais radioactivos, equipamentos, aparellos e accesorios.*

1. Requirirán autorización da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, sen prexuízo das competencias doutros departamentos:

a) A fabricación de aparellos, equipamentos e accesorios que incorporen materiais radioactivos ou sexan xeradores de radiacións ionizantes, aínda que o seu uso estea incluído nas exencións previstas no anexo I.

b) A introdución no mercado español de produtos de consumo que incorporen materiais radioactivos, aínda que o seu uso estea incluído nas exencións previstas no anexo I.

c) A comercialización de materiais radioactivos e de aparellos, equipamentos, accesorios ou outros elementos que incorporen materiais radioactivos ou

sexan xeradores de radiacións ionizantes, aínda que o seu uso estea incluído nas exencións previstas no anexo I, coa excepción dos produtos de consumo considerados na alínea b).

d) A transferencia de materiais radioactivos sen titular a calquera entidade autorizada. Neste suposto non será necesario achegar a documentación referida no número 2.

e) A asistencia técnica dos aparellos radioactivos e equipamentos xeradores de radiacións ionizantes.

2. A solicitude de autorización irá acompañada da seguinte documentación:

a) Identificación da empresa ou entidade: razón social, número de identificación fiscal, domicilio, certificación de inscrición no Rexistro Mercantil e xustificación do obxecto social.

b) Memoria das actividades que se van desenvolver.

c) De ser o caso, experiencia da empresa en actividades desta índole.

d) Organización de persoal e normas de funcionamento da empresa.

e) Relación do persoal técnico contratado, con expresión da súa titulación, cualificación e experiencia profesional.

f) Relación das instalacións, equipamentos e medios materiais de que dispón a empresa ou entidade para desenvolver as súas actuacións.

g) De ser o caso, procedementos para garantir a protección radiolóxica dos traballadores expostos en razón das tarefas que se van desenvolver.

3. A importación, exportación e movemento intracomunitario de materiais radioactivos realizárase cumprindo os compromisos internacionais asumidos por España nesta materia.

4. As empresas de fabricación, comercialización e asistencia técnica que, en razón das súas actividades, necesiten dispoñer dunha instalación radioactiva autorizada, poderán solicitar unha autorización única.»

Tres. O artigo 78 queda redactado como segue:

«Artigo 78. *Rexistro de transportistas.*

1. Os transportistas de materiais radioactivos, en vultos non exceptuados, deberán declarar esta actividade inscribíndose nun rexistro que, para tal efecto, se establecerá na Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, denominado "Rexistro de Transportistas de Materiais Radioactivos". O desenvolvemento da actividade de transporte de material radioactivo debe axustarse, tanto á regulamentación sobre transporte de mercancías perigosas coma ao Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e demais lexislación nuclear aplicable.

2. Quedan exceptuadas da inscrición neste rexistro as empresas que levan a cabo as expedicións baixo contratación doutra empresa transportista rexistrada, que actuará como responsable de que as primeiras se axusten á lexislación aplicable ao transporte de material radioactivo.

3. Estes transportistas deberán solicitar a súa inscrición no mencionado rexistro, xuntando a documentación seguinte:

a) Domicilio social da entidade.

b) Tipos de transporte, frecuencias e rutas habituais.

c) Localización e características das instalacións e dependencias que poidan ser utilizadas para

a recepción, distribución e almacenamento en tránsito de materiais radioactivos.

4. Os transportistas deberán notificar ao rexistro as variacións producidas sobre os datos comunicados.

5. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará ao Consello de Seguranza Nuclear e ao Ministerio de Fomento calquera variación que se produza no citado rexistro, para o seu coñecemento e efectos.»

Catro. O artigo 80 queda redactado como segue:

«Artigo 80. *Almacenamento de combustible gastado.*

Os contedores que se utilicen para almacenamento de combustible gastado requirirán que o seu deseño fose aprobado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe preceptivo e vinculante do Consello de Seguranza Nuclear.»

Cinco. Engádese un «Capítulo II. Áreas contaminadas», integrado por un único artigo, o 81, coa redacción que segue:

«CAPÍTULO II

Áreas contaminadas

Artigo 81. *Control de áreas contaminadas.*

1. As administracións públicas ou os titulares das instalacións ou actividades, estean ou non sometidas ao réxime de autorizacións previstas neste regulamento, deberán poñer en coñecemento do Consello de Seguranza Nuclear todo suceso do que potencialmente derive a contaminación radiolóxica de terreos ou recursos hidrolóxicos.

2. Os plans de mitigación de efectos ou descontaminación dos terreos ou recursos hidrolóxicos afectados que se poidan prever, cuxa elaboración corresponderá aos seus titulares, deberanse someter ao ditame favorable do Consello de Seguranza Nuclear. Tras as accións correctoras, o Consello de Seguranza Nuclear procederá a inspeccionar e reavaliar as condicións radiolóxicas da área e pode emitir un ditame para os efectos oportunos, no que se determinará se proceden as limitacións de uso correspondentes daqueles terreos ou recursos afectados, e que trasladará á comunidade autónoma correspondente.

3. O Consello de Seguranza Nuclear elaborará un inventario dos terreos ou recursos hidrolóxicos dos que teña coñecemento que se visen afectados por contaminación radiolóxica, e informará disto as autoridades competentes para os efectos oportunos.»

Seis. Engádese un «Capítulo III. Apreciación, certificación e validación de deseños», que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO III

Apreciación, certificación e validación de deseños

Artigo 82. *Apreciación de novos deseños ou modelos.*

1. Calquera persoa ou entidade poderá solicitar do Consello de Seguranza Nuclear a emisión dunha declaración de apreciación favorable sobre novos deseños, metodoloxías, modelos de simulación, ou protocolos de verificación relacionados coa seguranza nuclear ou a protección radiolóxica das insta-

lacións ou actividades a que se refire este regulamento, para o cal presentará unha solicitude ante o devandito organismo, acompañada dos documentos necesarios para efectuar a declaración.

2. A declaración do Consello de Seguranza Nuclear poderá ser incluída como referencia en calquera proceso posterior de solicitude dalgunha das autorizacións previstas neste regulamento, sempre que se cumpran os límites e condicións impostos na declaración.

Artigo 83. *Certificación e validación de novos deseños ou modelos.*

1. Para os efectos deste regulamento enténdese por:

a) Certificación de conformidade dun deseño: a aceptación por parte do Consello de Seguranza Nuclear do seu uso en España.

b) Validación dun deseño: a aceptación por parte do Consello de Seguranza Nuclear dunha certificación de conformidade ou documentación equivalente emitida pola autoridade competente en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica doutro país, cuxa normativa técnica sexa compatible coa aplicada en España.

2. Poderanse certificar ou validar deseños, xenéricos ou non, entre outros, de:

- Combustible nuclear.
- Metodoloxías de análises de seguranza.
- Modelos de simulación.
- Protocolos de verificación.
- Colectores de almacenamento de combustible gastado.

3. Calquera persoa física ou xurídica poderá solicitar ao Consello de Seguranza Nuclear a certificación de conformidade ou a validación dun deseño. Coa solicitude de certificación ou validación presentaranse os documentos seguintes:

- A descrición do deseño que se quere certificar ou validar, onde se xustifique o uso previsto.
- Os estudos que permitan garantir que se cumpren as condicións de seguranza exixibles.
- No caso de validacións, documentos que acrediten a certificación de conformidade ou documentación equivalente.
- Calquera outro que o solicitante considere necesario en apoio da súa solicitude.»

Artigo sétimo. *Modificación da parte final e os anexos do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

A parte final e os anexos do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modifícanse nos termos seguintes:

Un. Modifícase a disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción.

«Disposición adicional cuarta. *Procedemento de avaliación de impacto ambiental.*

O procedemento de avaliación de impacto ambiental previsto no Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, incorporárase nos procedementos subs-

tantivos de autorización regulados neste regulamento.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria quinta, coa redacción seguinte.

«Disposición transitoria quinta. *Prazo de adaptación aos novos requisitos.*

Os titulares de actividades e instalacións sometidas ao disposto no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean en posesión dunha licenza ou autorización en vigor, e mais os transportistas de materiais radioactivos que estean inscritos no ata agora denominado Rexistro de transportistas de substancias nucleares e materiais radioactivos, disporán dun prazo de seis meses para adaptarse aos novos requisitos establecidos nel.»

Tres. O anexo I queda redactado como segue:

«ANEXO I

Instalacións radioactivas: clasificación e exención

1. Para os efectos deste regulamento non terán a consideración de instalacións radioactivas aquelas en que interveñan:

a) Substancias radioactivas, se a actividade non supera en total os valores de exención indicados na segunda columna da táboa A da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear.

b) Substancias radioactivas, se a actividade por unidade de masa non excede os valores de exención indicados na terceira columna da táboa A da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear.

c) A utilización de aparellos que conteñan substancias radioactivas que superen as actividades ou os valores de actividade por unidade de masa que se especifican nas alíneas a) ou b), sempre e cando correspondan a un tipo aprobado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co establecido no anexo II. A resolución de aprobación deberá especificar as condicións para a súa eliminación.

d) A utilización de todo tubo catódico destinado a proporcionar imaxes visuais ou outro aparello eléctrico que funcione cunha diferenza potencial que non sexa superior a 30 kV e microscopios electrónicos, sempre que non presenten, en condicións normais de funcionamento, unha taxa de dose superior a 1 $\mu\text{Sv/h}$ en ningún punto situado a 0,1 m da superficie accesible do aparello.

e) O manexo de aparellos que emitan radiacións ionizantes distintos dos considerados na alínea d), sempre e cando correspondan a un tipo aprobado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co establecido no anexo II.

f) Material contaminado con substancias radioactivas procedentes de evacuacións autorizadas, que fosen declaradas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Consello de Seguraza Nuclear, como non sometidas a controis posteriores.

g) O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Consello de Seguraza Nuclear, poderá declarar exentas outras prácticas cando, aínda que superen os valores da táboa A da

Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear, se cumplan as condicións seguintes:

1.º Que a dose efectiva esperable para calquera membro do público por mor da práctica exenta sexa da orde de 10 μSv ao ano ou inferior, e

2.º Que a dose colectiva efectiva comprometida por cada ano da execución da práctica non sexa superior a 1 Sv por persoa, ou ben unha avaliación da optimización da protección radiolóxica mostre que a exención é a condición óptima.

2. Na utilización da táboa A da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear teranse en consideración as seguintes regras:

a) Cando sexa necesario, o Consello de Seguraza Nuclear asignará valores adecuados para as actividades e actividades por unidade de masa no caso dos radionucleidos que non se recollan na devandita táboa A. Os valores asignados desta forma serán complementarios con respecto aos da táboa A.

b) Os nucleidos co sufixo “+” ou “sec” da indicada táboa A representan os nucleidos proxenitores en equilibrio secular cos seus nucleidos de filiación correspondentes enumerados na táboa B da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear. Neste caso, os valores dados na táboa A refírense unicamente ao nucleido proxenitor, pero xa teñen en conta o/os nucleido(s) de filiación presente(s).

c) Nos demais casos de mestura de máis dun nucleido, a exención manterase unicamente se a suma dos cocientes entre a actividade total presente de cada nucleido e o valor correspondente que figura na táboa A da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear é inferior ou igual a 1. Esta regra aplicarase tamén ás actividades por unidade de masa cando os diversos nucleidos afectados estean contidos na mesma matriz.

3. Para os efectos da clasificación das instalacións radioactivas en categorías, prevista no artigo 34, considerarase como referencia de actividade exenta por nucleido a contida na segunda columna da táboa A da Instrución IS/05 do Consello de Seguraza Nuclear, de xeito que:

a) Serán de terceira categoría as instalacións en que interveña unha actividade superior á de exención e inferior a mil veces esta.

b) Serán de segunda categoría aquelas en que a actividade sexa igual ou superior a mil veces a de exención.

c) Nos casos de mestura de isótopos, se a suma dos cocientes entre a actividade presente de cada isótopo e a de exención se sitúa entre un e mil, a instalación será de terceira categoría e se é igual ou superior a mil, de segunda.»

Catro. O anexo II queda redactado como segue:

«ANEXO II

Aprobación de tipos de aparellos radioactivos

Condicións xerais

1. Para aprobar o tipo dun aparello que incorpore substancias radioactivas ou sexa xerador de radiacións ionizantes, con vistas á súa exención como instalación radioactiva, este debe ofrecer suficiente seguraza contra a fuga de radiacións ionizantes, tanto en condicións normais de uso, coma

noutra que accidentalmente se poida presentar, incluídas as posibles utilización incorrectas.

2. O aparello deberá presentar vantaxes que, en relación co seu risco potencial, xustifiquen a súa utilización.

3. No caso de conter substancias radioactivas, deberán estar dispostas en forma de fonte encapsulada de maneira que se asegure unha protección contra calquera escape ou fuga da substancia radioactiva.

4. O aparello non presentará, en condicións normais de funcionamento, unha taxa de dose superior a 1 $\mu\text{Sv/h}$ en ningún punto situado a 0,1 m da superficie accesible da súa superficie accesible.

5. A aprobación do tipo ten que ser solicitada polo fabricante nacional ou, de ser o caso, polo importador.

Para a aprobación de tipo dun aparello de fabricación estranxeira, precisarase que a súa fabricación ou distribución estea autorizada no país de orixe ou que cumpra cos requisitos legais nel establecidos, o que se demostrará coa oportuna documentación xustificativa.

6. A solicitude de aprobación do tipo tramítase de acordo co artigo 4 deste regulamento.

Poderáselle dar cobertura, nunha única aprobación de tipo, aos aparellos que sexan do mesmo fabricante e para o mesmo campo de aplicación, mais non se poden incluír na mesma aprobación aparellos que incorporen substancias radioactivas con aqueles que sexan xeradores de radiacións ionizantes.

A solicitude irá acompañada dos documentos seguintes:

a) Documentación acreditativa de que o solicitante, se se trata de fabricación nacional, conta con autorización de instalación radioactiva.

b) Documentación que permita un pleno coñecemento do tipo que se vaia aprobar. Esta documentación terá que conter, como mínimo:

1.º Identificación da marca e o modelo do aparello.

2.º Descrición detallada do aparello e dos seus sistemas de seguraza. De ser o caso, as características do material radioactivo e do seu encapsulamento, e da posibilidade de acceso a este.

3.º Documentación acreditativa na que consten os resultados obtidos nos ensaios verificados co prototipo, respecto ás condicións de seguraza radiolóxica.

4.º Planos do aparello.

5.º Uso a que se destina e vida útil prevista.

6.º Documentación acreditativa de que o aparello cumpre o fin para o que se destina. No caso de novas prácticas, xustificarase a utilización do aparello fronte a alternativas non radioactivas e presentárase unha análise das súas vantaxes fronte aos riscos potenciais que entraña.

7.º Análise de riscos en situacións que accidentalmente poidan presentarse, incluídas as utilizacións incorrectas. No caso de aparellos provistos de material radioactivo, a análise considerará o acceso á poboación por perdas de control sobre este.

8.º Manual de operación, en español, que se lles entregará aos usuarios e que recolla as súas características técnicas e instrucións de uso, información sobre os seus riscos e as recomendacións básicas de protección radiolóxica que haxa que considerar durante o seu uso ou, de ser o caso, de emerxencia, avaría ou rotura.

9.º Programa de mantemento, en español, que inclúa, se é o caso, as verificacións periódicas que o fabricante recomenda efectuar sobre os sistemas ou parámetros que afecten a seguraza dos aparellos, sinalando expresamente aquelas que, con base nos seus riscos, non poderá efectuar o usuario.

c) Para aparellos provistos de material radioactivo, farase unha proposta de xestión deste ao final da súa vida útil. De ser o caso, a proposta apoiárase cunha análise dos riscos que esta xestión poida implicar para a poboación. No caso de que se prevea a retirada polo subministrador de orixe, achegárase un documento orixinal emitido por el, que garanta esa retirada.

d) Documentación acreditativa das normas de garantía de calidade aplicadas polo fabricante do aparello produtor de radiacións ionizantes.

e) No caso de fabricación nacional, a autorización de fabricación dos aparellos produtores de radiacións ionizantes.

f) No caso de tratarse de mercancía importada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou o Consello de Seguraza Nuclear poderán requirir a tradución para o idioma español da documentación que se considere necesaria, avalada polo consulado de España no país de orixe.

7. O Consello de Seguraza Nuclear, se recibiu a copia de toda a documentación, procederá a emitir o seu ditame técnico sobre seguraza, para o que poderá solicitar do petionario, se o considera preciso, as aclaracións que considere necesarias.

8. O ditame do Consello de Seguraza Nuclear, xunto coas aclaracións que, de ser o caso, achegase o petionario, será remitido por este organismo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

9. Recibido o ditame do Consello de Seguraza Nuclear, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará a resolución que proceda.

10. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, nas resolucións aprobatorias de tipos, describirá as características do tipo, a utilización para a que se admite e as condicións e obrigacións a que se somete e as siglas e número que lle corresponden, reservando para si o dereito de impoñer novas condicións. As resolucións aprobatorias citadas publicaranse no "Boletín Oficial del Estado".

11. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta do Consello de Seguraza Nuclear, poderá requirir do importador ou fabricante nacional que se efectúen ensaios ou probas sobre determinadas unidades subministradas, conducen tes a comprobar que manteñen as condicións de seguraza do tipo aprobado. No caso de que se detecten desviacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá anular a aprobación do tipo.

12. O fabricante español ou o importador dun aparello co tipo aprobado quedan obrigados a subministraren xunto a cada exemplar a documentación seguinte:

a) Un certificado en que se faga constar:

1.º O número de serie do aparello e a súa data de fabricación.

2.º A declaración de que o tipo foi aprobado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que sinale o número de aprobación e a data da resolución e a do "Boletín Oficial del Estado" en que foi publicada.

3.º Que o aparello corresponde exactamente ao tipo aprobado.

4.º Uso para o que foi autorizado.

5.º Tratamento ou destino do aparello e, de ser o caso, da substancia radioactiva que conteña, ao final da súa vida útil.

6.º Calquera outra información establecida na aprobación do tipo.

b) Especificacións e condicións establecidas na aprobación do tipo.

c) Manual de operación en español.

d) Calquera outra documentación establecida na aprobación do tipo.

13. Os aparellos produtores de radiacións ionizantes que se subministren deberán ir sinalizados tal e como se estableza na correspondente aprobación do tipo.

14. O usuario do aparello está obrigado a respectar as condicións impostas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas na resolución pola cal se aprrobe o tipo.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre bases e coordinación xeral da sanidade e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

XEFATURA DO ESTADO

2983 *CORRECCIÓN de erros da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.* («BOE» 43, do 19-2-2008.)

Advertido erro na publicación da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 33, do 26 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 4128, segunda columna, na disposición adicional terceira. Avaliación e seguimento do cumprimento da norma, no seu parágrafo terceiro, onde di: «Así mesmo, corresponderalle ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, regulado polo Real decreto 1458/1986, do 6 de xuño, a coordinación e avaliación do cumprimento desta norma no ámbito das súas competencias e funcións», debe dicir: «Así mesmo, corresponderalle ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, establecido na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, a coordinación e avaliación do cumprimento desta norma no ámbito das súas competencias e funcións».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2986 *Orde PRE/374/2008, do 31 de xaneiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (sulfonatos de perfluorooctano-PFOS).* («BOE» 43, do 19-2-2008.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Aprobouse de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia, fundamentalmente a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e polo conxunto das súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente publicouse a Directiva 2006/122/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, pola que se modifica por trixésima vez a Directiva 76/769/CEE do Consello, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (sulfonatos de perfluorooctano).

Os sulfonatos de perfluorooctano (PFOS) son substancias que se comercializan en forma de sales, derivados e polímeros, utilizados para proporcionar resistencia á graxa, ao aceite e á auga en diversos materiais.

Os estudos de avaliación de risco efectuados no ámbito comunitario demostraron a súa perigosidade, por seren estes compostos moi persistentes, bioacumulables e tóxicos para os mamíferos e, en consecuencia, co fin de garantir un elevado nivel de protección de saúde e do ambiente, acordouse a súa limitación no ámbito comunitario, con algunhas excepcións debido ao reducido deses usos e á carencia de produtos alternativos; este é o caso dos procesos de cromado, de fotografía, de fotolitografía, escumas antiincendio e de fluídos hidráulicos para a aviación.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/122/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.16.^a e 23.^a da Constitución, e no artigo 40.5 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

Engádeselle ao anexo I-parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limi-